

A traxedia de ser home

Antonio Pombar

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

POMBAR, ANTONIO (2011 [1981]). “A traxedia de ser home”. *Nordés*. “Ollada na poesía”: 5 (II Data), 39-40. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/788>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

POMBAR, ANTONIO (1981). “A traxedia de ser home”. *Nordés*. “Ollada na poesía”: 5 (II Data), 39-40.

* Edición dispoñíbel desde o 21 de xuño de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

OLLADA NA POESÍA

Por ANTONIO POMBAR

A TRAXEDIA DE SER HOME

Os camiños da poesía son descoñecidos. Nise extraño xardín, onde medran froles nascidas por xeneración espontánea; onde as coores da vida refréxanse en espellos hábilmente situados nos puntos cruciais do existir, nise xardín máxico dánse, ás vegadas, extrañas raiceiras que fura a terra do espírito e nela atoban. O resultado é un conxunto de poemas intrahumáns, que pulan por xurdir á frolación definitiva das formas, nos que o poeta seguramente acha a súa liberación.

Niste senso de liberdade conquerida gracias á escritura, de fito temporal na historia dunha vida, haberá que situar o libro de poemas de Xulio L. Valcarcel, «Víspera do día» (1). E difícil imaxinar unha continuidade poética na liña teórica argumental deste libro de mocidade, porque en «Víspera do día» están expostos os eixes principais da actitude humana dunha certa xuventude de agora: pesimismo e depresión, desengaño, protesta non civil, non a que leva ao compromiso activo, sinón dun mundo xordo e inútil, mundo podre que se desfai e non deixa nas maus nin tan siquiera a ilusión dun valor no que agarrarse.

Eu me pergunto cómo van sere os novos libros deste poeta, xa que neste libro chegou ao fondo da anguria vital, si o que quería agromar na raiceira xa agromou, e o xardín da vida medrou con pálidas froles: o home está diante da morte coma un touro acorralado, o amor nin tan siquiera ten o nome de amor —«chámoche así por chamarche algo»—, o tempo pasa antre a bebedela e o aburrimiento, o tempo, que debe assimilar o inútil noxento da vida, eiquí é un pozo sombrío.

É posibel, dacordo co limiar de García-Sabell, case probabel albiscar algún rasgo espranzador no fondo da poesía de Valcárcel —cambio que levará aparellada unha maior exixencia formal— suxerido pola sinceiridade radical do poeta: a necesidade de absoluto e a insatisfacción da realidade aparental, que son complementarias. Cecáis istes vectores, constantes latexantes na poesía de Valcarcel, transformarán o pesimis-

(1) Col. Follas Novas, Santiago, 1979.

mo existencial nun ollar máis humán da vida. O poeta o dí, nunhos versos reveladores:

«Miro nos teus ollos a vida
que dende o fondo me chama».

TERRA SOMBRIZA

Sobor de Lóuzara —cecáis Lóuzara Xabreira, un val fosco antre montañas— non hai, si imos crer ao poeta, un ceo luminoso, un ceo-manantío pra acalmar a sede. Sin dúbida a luz, coma en todas partes, xurdirá do oco da tebra i enxoiará a montaña con fermosas fragas e pradeirías. Mas, pra Fiz Vergara Vilariño, o val é «escuro e bretemoso», terra xabreira, dura, sin piedade.

Entrañado nista paisaxe agónica, o poeta compón o seu libro «Orfo de tí en terra adentro» (2) no que a liña esencial é suxerir a imposibilidade de achar un mundo ben feito onde o amor se realice plenamente e a terra nutricia amose os seus tesouros de fartura e beleza.

Si na primeira parte do libro, o amor é ausencia, soedade, «anguria de sentirte e non terte», inquedanza de presentimentos dunha dita imposible, na segunda xurde a visión dunha paisaxe esquemática, casi abstracta, que ameaza a vivencia creadora e a afunde nunha desolación infinda. O poeta, pechado nas montañas, sínteeas coma unha lousa que pecha o peito amante.

Vergara Vilariño está, diste xeito, antre os dous extremos que limitan a anguria: por unha banda, un certo amor antresoñado e non realizado, onde o corazón «non acouba», e, pola outra, unha paisaxe que «desfaise nun salouco». Paisaxe, polo demáis, que il sinte no fondo do seu ser coma feita do seu mesmo oso e sangue, terra forte e dura, vivida a cotío, que lle suxere os poemas máis punxentes do libro.

Vigo, xulio 1981

(2) «Arealonguiña, Akal editor, Madrid 1976.